-A modificación da taxa anual de recollida de lixo para aqueles empresas (pemes ou persoas físicas-autónomos) que se viron afectados pola declaración do estado de alarma, SUPRIMINDO, bonificando ou rebaixando esta taxa nun mínimo do 50% para este ano 2020.

-A aplicación desta mesma medida, SUPRESIÓN da taxa de recollida do lixo, durante o período de duración do estado de alarma, para o resto dos veciñ@s, de todo o Concello

-O estudo da eliminación doutras taxas de competencia municipal para este ano 2020, que dende a secretaría do concello nos debe indicar, que estén vixente, tales como as terrazas, as aplicadas en mercadena ou calquera outra que signifique un alivio, por pequeno que sexa o tecido empresarial do noso concello.”

Engade o Sr. Ásperez Montes que, do sinalado en relación con este asunto na Comisión Especial de Contas, a vista do informe da secretaria-interventora, leva ao seu grupo non a modificar a moción, senón a tratar de quitar un compromiso dos grupos municipais de que para o ano 2021 se van a modificar os recibos da recollida de lixo para todos os veciños e empresas censadas e que paguen dito recibo no Concello, coa aplicación destas bonificacións; entón votando ou non votando o seu grupo vai a





Concello de Meaño

solicitalo no próximo, no seguinte e no seguinte Pleno, pero queren que de aquí salga un compromiso por parte do grupo de goberno e por parte do grupo socialista para acadar esta bonificación.

Contesta o Sr. alcalde que, como sinalou na Comisión Especial de Contas e se desprende da secretaria-interventora a redución ou bonificación que se puidese aplicar ten que ser regulada mediante a modificación da correspondente Ordenanza fiscal e resultaría de aplicación no exercicio 2021, a tal efecto e dado que esta cuestión foi plantexada por diversos concellos a Deputación ten previsto estudar un modelo para a modificación da ordenanza e o que ditaminou por unanimidade a Comisión Especial de Contas foi de chegar a un acordo para estudar as bonificacións propostas para a súa tramitación e aplicación no exercicio 2021

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE o Sr. Radío Oubiña, quen sinala que na Comisión Especial de Contas xa se tratou de que se ía a estudar a modificación da correspondente ordenanza fiscal para que a posible bonificación ou redución resulte de aplicación para o 20121, dado que non ten carácter retroactivo no 2020.

Remata o Sr. alcalde, sinalando que hai un compromiso por parte dos grupos engadindo o Sr. Radío Oubiña que neso foi no que quedaron na Comisión Especial de Contas.

16º.- MOCIÓN PRESENTADA POR D. MANUEL RADÍO OUBIÑA, COMO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, SOBRE A CREACIÓN DUN PLAN PARA REDUCIR A FENDA DIXITAL, LABORAL E EDUCATIVA. (EXP. 428/2020).-

O Sr. alcalde cédelle a palabra ao Sr. Radío Oubiña, Voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, que pasa a dar lectura a devandita moción:

“A presente moción ten por obxecto a mellora da rede dixital do Concello de Meaño, para que a poboación adulta poida desempeñar de maneira axeitada o teletraballo e os estudantes, as tarefas educativas.

O confinamento polo COVID19 puxo a proba a capacidade de resposta das empresas, dos autónomos e do sistema educativo.

Correspóndelle ás Institucións públicas nacionais, autonómicas e municipais velar pola igualdade de oportunidades e a compensación de desigualdades da poboación, no noso caso, da veciñanza de Meaño.

Esta pandemia demostrou, aínda máis claramente, o que vén denunciando a Agrupación Socialista de Meaño, desde fai anos, o precario da nosa rede dixital e a dificultade dos nosos veciños e veciñas para conseguir unha rede con capacidade, potente e veloz.

Unha mostra disto foi o feito de que a Alcaldía, segundo o publicado nos medios de comunicación, realizou “a entrega e reparto de apuntes e deberes entre os alumnos, seguindo as indicacións dos colexios e do instituto”, ademais de “exercicios aos usuarios do centro social”.

Resulta innegable que a fenda dixital se está a converter nunha fenda social, contra a que temos a obriga de loitar, tanto a nivel de recursos como de capacitación.





Concello de Meaño

A estas alturas, está claro que debemos convivir coa posibilidade dun rebrote do COVID19 ou a aparición doutro tipo de ameaza que obrigue a un cambio no contorno laboral e educativo, con todo o que elo implica.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal PsdeG-PSOE proponlle ao Pleno do Concello de Meaño, para o seu debate e adopción, se procede, o seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galicia a aprobar un Plan para reducir a fenda dixital, no marco das súas competencias autonómicas, que axude a compensar as desigualdades entre a poboación de Meaño, no que se inclúan, entre outros:
 - medidas para que as familias accedan á obtención de dispositivos persoais con conexión á rede.
 - a posta en marcha de accións de formación dixital, para capacitar á nosa veciñanza.”

Engade o Sr. Radío Oubiña que, como ben saben, durante este confinamento, houbo bastantes inconvenientes para poder facer chegar aos nenos/as as actividades escolares. Sucede o mesmo coa presenza de recursos nos fogares (internet, dispositivos dixitais, etc) A Xunta para algunhas etapas, como por exemplo secundaria, puxo a disposición 1.000 ordenadores para toda Galicia, unha boa medida pero moi escasa en canto a materia educativa se refire. Non podemos olvidar que moitos pais e nais de familia tiveron que teletraballar dende os seus fogares e non dispuxeron dunha rede veloz con capacidade e potente.

Todo isto está claro que provocará unha gran fenda dixital, provocando dificultades laborais, por iso solicitamos que se inste á Xunta de Galicia para que realice formación para a veciñanza, dote dunha boa rede de internet e medios, xa que é posible que se produza un novo rebrote como así indican os estudos dos expertos sanitarios.

Por outra banda buscamos que as/os nosos veciños de Meaño teñan as mellores condicións, xa que non queremos volver a ler as seguintes noticias do Goberno da Xunta de Galicia e do seu presidente dicindo cousas como: “El gobierno destinará 2.000.000 € a fondo perdido. Las comunidades no tendrán que devolverlo, para que las regiones puedan hacer frente a la reapertura de los centros educativos en septiembre (...) Sólo hubo una voz discordante, la del presidente gallego, Alberto Núñez Feijoo, que pidió libertad para destinar esta partida educativa a otros fines”

O que pretendemos con esta moción é que esta fenda dixital, sobre todo, non se converta nunha fenda social, que o vai a ser e se temos un posible rebrote pois teremos que estar dotados de medidas, de recursos, e estamos contentos pola labor que se fixo dende o concello para axudar aos rapaces e as familias pero creo que temos que estar ben preparados para a aparición dun posible rebrote.

Toma a palabra o Sr. alcalde quen sinala que esperemos que teñamos o antes posible ou ben un fármaco ou ben unha vacina para que nos dea un pouco de seguridade a todos. E referente ó tema educativo, nesta pandemia, desde o Concello colaborouse a reducir esa fenda mantendo contacto cos tres directores, repartíronse apuntes ós/as alumnos/as que nos indicaron, e as personas que tiñan problemas económicos para facer as labores educativas, repartimos kits de conectividade. Referente ás instalacións do Concello decir que, xa dispoñemos de fibra óptica, e estase





Concello de Meaño

instalando un armario rak e mellorando as instalacións de comunicación xa que o existente estaba quedando.

A nivel veciños, decir que en Dena hai unha operadora nova que está instalando fibra óptica, que está chegando xa á zona de Coirón; no núcleo urbano xa terían tres operadores. En todo o Concello de Meaño mantiveríonse bastantes contactos con telefónica e estanse a cambiar os postes, están facendo o tendido de fibra óptica, hai tramos que o mellor queda sen facer porque algún propietario non deixa pasar a fibra óptica, e en xeral fágolle un resumen, isto é actualizado, de cómo estaría o tendido de fibra óptica a día de hoxe no Concello:

Finalizado está Ameiró, Dadín, Morouzos, Lores, As Covas, Baiuca, Pazos, Broullón, Xil, o centro, Altamira, Iglesia, Viliquín, Paradela, A Bouza e Iglesia.

Despliegue para 2020 Outeiro, O Castro, Villarreis, Os Agros, Canle, Cubela, Río da Vila, San Mauro, Solda, Trubisquido, Cristimil, Padrenda de Abaixo, Pazo do Monte, Pedras Roibas, Tanoira, Axís, Quintáns, Souto, Vilariño, Carbaloso, O Castro, Eiravedra, Ganón, Picón, Valdamor e Vilaxuega.

Conclúe sinalando o teletraballo e a teleformación veu para quedarse e haberá que facer para que todo o mundo dispoña dos mesmos recursos e as mesmas posibilidades; polo cal estamos totalmente dacordo.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal MI, o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que, estamos dacordo, que é necesario, o investimento por parte das institucións públicas neste sempre se queda corta, parece mentira que no 2020 estemos falando de falta de conexión en fogares, e incluso en tramos urbanos como é Dena. A Xunta abreu liñas dedicadas a PEMES e a autónomos, debería abrir liñas dedicadas a particulares e dende o concello pelear porque porque teñamos conexión, si non temos acceso á tecnoloxía, os equipos, ou a formación para poder usalos, mal vamos, neso somos especialmente un exemplo, non Meaño senón voi decir España, pero esperemos irmos poñendo ó carro da tecnoloxía desta nova realidade. Estamos todos dacordo coa moción.

Sometida a proposta de acordo contida na moción a votación ordinaria, o Pleno da Corporación aceptando o ditame proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos seus membros, aproba.

17º.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. alcalde-presidente cédelle a palabra aos membros da Corporación para que formulen os seus rogos e preguntas; formulándose as seguintes:

* Sr. Radío Oubiña:

Rogos:

1. Da lectura ao seguinte rogo que foi presentado por escrito:

“Rogo do Grupo Municipal Socialista no Concello de Meaño, a través do seu voceiro Don

CONCELLO DE MEAÑO - CIF: P-36.02700-A C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira n°1 · Tlf:986 74 71 02 ·986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com · Sede Electrónica: <https://concellodemeano.sedelectronica.gal>





Concello de Meaño

Manuel Radio Oubiña, ó abeiro do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Orzanización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réximen Local.

En pasados plenos vimos reiterando a necesidade de dotar de máis vixilancia os arredores de Mercadena. Concretamente, no pasado pleno do 31 de xaneiro informamos aos membros da Corporación que numerosos vehículos aparcaban de forma inapropiada pola rúa que leva ao Lugar de Iglesia.

O Grupo de Goberno, en varias ocasións, respondeunos que este suceso remataría ao poñerse en funcionamento o aparcamento do centro de Dena, pero despois da súa inauguración, segue existindo o mesmo problema.

Ademáis de causar un taponamento na circulación dos vehículos nese cruce, os viandantes teñen que camiñar pola carretera, co perigo de sufrir un atopelo.

A continuación adxuntamos imaxes que corroboran o aquí dito, e realizadas en diferentes días:"

Temos aquí unhas imaxes que non podemos ensinar, pero vemos como os coches están aparcados tanto a un lado como a outro e non hai nin paso, nin sitio para que poidan pasar os viandantes, e están aparcados evidentemente donde non deberían estar. Polo que formulamos o seguinte rogo: Mais vixiancia policial e sinalar correctamente as zonas amarelas, aplicándoas aos dous lados da carretera, evitando así a acumulación de vehículos aparcados indebidamente.

Contesta o Sr. alcalde sinalando que hai unha liña amarilla nun dos lados que se estivo pintando nestes días pero bueno por temas meteorolóxicos non se continuou, próximamente vamos a facer o pintado a ambos lados.

Insiste o Sr. Radio Oubiña que sería convinte que ademáis de máis vixiancia e máis sinalización se concienciaran os usuarios de que non se debe aparcar.

2. Reincidimos en que se pinte un stop, xa que se está moi cerca dalí, pois xa se pode aproveitar, unha sinal de stop que xa o pedimos no anterior pleno no cruce de Premedeirín, en Dena.

3. Rogamos que se revisen as farolas de Axís.

4. Pedimos que se teñan en conta os reparos sinalados pola Secretaría-Intervención, no seu informe do punto nº 11 da orde do día, e que, a partir de agora se trate de adoptar as medidas necesarias para facer as adxudicacións aos provedores, seguindo os procedementos axeitados e con todos os informes pertinentes.

5. Rogamos que se publicite con máis anterioridade e maior profusión calquera noticia que saia na páxina web do Concello. Por exemplo: os días 9 e 10 de xuño estivo o autobús de doazón de sangue en Meaño e publicouse tal noticia o día 8 de xuño.

6. En relación con isto parécenos de pouco recibo ter que enterarnos polo periódico de que Meaño non abrirá a piscina municipal e aínda non está publicitado na páxina web do Concello de Meaño.

7. Rogamos que, ante un posible rebrote do coronavirus, a ruta de sendeirismo do Padre Sarmiento se destine só para os viandantes e se desvie aos ciclistas pola carretera, que circula paralela, posto que agora ahí moita aglomeración entre ciclistas e viandantes e faise difícil camiñar por esta senda.

Vostede sabe que durante tres fins de semana cortouse a carretera entre a carretera xeneral hacia os Pasales e que fai igrexa, dende os Seixiños ata os Pasales, inicialmente tivo bastante éxito, logo a medida que as persoas poden ir as praias xa diminuíu.

Nos non vimos a recriminar, consideramos que si hai tanta abundancia de ciclistas e tanta abundancia de peatóns, evidentemente non se gandan as distancias, a persoa que ven camiñando ten que estar pendente si ven unha bicicleta e pensó que podería facerse este desvío.

Evidentemente non estamos para nada en contra da medida que se tomou dende o equipo de goberno e dende a Alcaldía.





Concello de Meaño

8. Na nova normalidade, ao igual que nas fases precedentes, as medidas de hixiene deben extremarse ao máximo, na medida das posibilidades. De maneira reiterada, os usuarios do caixeiro automático da entidade bancaria Caixabank, en Dena veñen padecendo certa flexibilidade na limpeza do mesmo (papeis tirados, guantes polo chan, a papeleira chea), que se ben en parte é responsabilidade dos propios usuarios, creemos que tamén en parte é responsabilidade da entidade, polo que lle rogamos á Alcaldía que anime á entidade a extremar a hixiene, protexendo aos seus clientes e coidando a imaxe do contorno.

Preguntas:

1. Pódenos explicar como foi o proceso da situación da empregada de atención no fogar tras dar positivo no COVID-19? Que actuacións se levaron a cabo, tanto cos seus compañeiros como cos usuarios que atendía esta persoa?

Contesta o Sr. alcalde que unha persoa de axuda a domicilio tiña síntomas de gripe, foi ao médico e posteriormente avisounos que era un positivo nese intre aplicouse o protocolo da Xunta de Galicia para Servizos Sociais, puxémonos en contacto coas tres familias que atendía esta traballadora e ofreceuse unha empresa especializada para realizar unha desinfección.

A persoa afectada e as compañeiras coas que tivera contacto gardou cuarentena no seu domicilio e permaneceu en situación de baixa ata que puideron reincorporarse.

2. Cantos membros da corporación do pleno de Meaño acceden á Sede Electrónica do Concello? Creemos que hai que empezar a dixitalizarse máis que nada pola situación que estamos a vivir. Deixemos de mandra por correo electrónico a información, que xa bastante traballo teñen as administrativas do concello.

3. Houbo visitas dos técnicos que van a revisar as mesas electorais?. Se nos houbo que medidas se van a adoptar desde o Concello de Meaño.

Contesta o Sr. alcalde que si, nomearon a unha persoa como coordinadora de seguridade e saúde que levará as mesas electorais de Meaño pero con anterioridade o Concello xa lle había proposto á Delegación de Estatística o cambio de ubicación das mesas electorais de Meaño para constituila no pavillón de Meaño, Xil para constituila no pavillón de Xil e as mesas de Dena constituilas tres no pavillón de Dena e así foi aceptado pola Xunta.

4. Cal e o número dos desempregados antes do COVID 19 no concello de Meaño? En canto incrementou o número de parados debido á presenza deste virus?

Contesta o Sr. alcalde que ten que ver os datos, estamos falando de trescentos e algo e agora hai catrocentos e algo e un dato que non podo dar con seguridade, teño que velo.

Cantos ERTES houbo no noso Concello? Cantas empresas ou pequenas empresas tiveron que pecha por non poder levar a acabo a súa actividade?.

Contesta o Sr. alcalde que é un dato que tampouco ten.

Cantos autónomos do noso concello tiveron que parar a súa actividade debido ao COVID?

Contesta o Sr. alcalde que onde mais afectou foi a hostelería que agora practicamente están abertos todos os establecementos.

Houbo incremento nos servizos sociais? Que tipo de axudas se asignaron?

Reforzouse o servizo e hubo un incremento considerable na demanda de paquetes de alimentos e que foron atendidos mediante a entrega de vales.

5. En relación co anterior, fíxose uso do superavit presupostario para gastos sociais autorizado polo Ministerio? A que partidas foi destinado.

Contesta a Sra. secretaria-interventora que de momento estase utilizando a subvención que concedeu a Diputación para estes gastos de emerxencia orixinados pola declaración do estado de alarma, que no Concello de Meaño foron 17.780,00 €.

6. Que resultados houbo tras a peatonización dos Pasales durante as franxas nas que os usuarios





Concello de Meaño

podían saír a pasear. Comentaba antes que resultou, pero houbo algúns incidentes?

Contesta o Sr. alcalde que dende o punto de vista do grupo de goberno foi un éxito.

7. Puxéronse multas por incumplir as normas nas diferentes fases?. Cantas?. Porqué? De que contías?

Contesta o Sr. alcalde que coñece a existencia de advertencias pero non ten constancia de sancións; agradece o comportamento e colaboración das/os veciñas/os.

8. Como vai a creación da RPT?

Contesta a secretaria-interventora que está contratada, tiñan que ter entregado o traballo en torno a semana santa, solicitaron unha prórroga polo tempo da suspensión de prazos e concedeuselle.

E conveniente, porque si estivese feita evitaríanse facer reparos sobre diferentes postos de traballo como: limpadoras/es para CEIS e coidadores de aulas de acollida-comedor escolar, profesores da escola municipal de música de meaño, fisioterapeuta ou monitor de actividades físicas, conserxe do centro social, auxiliar coordinación SAF e limpadoras da escola infantil.

Contesta o Sr. alcalde que a intención e esa.

9. Como está o adecentamento das beirarrúas e dos beirais do Concello?

Contesta o Sr. alcalde que, houbo unha etapa en que estivemos parados e en canto se permitiu a actividade na construción arrancouse, votamos man incluso de dúas empresas, e está máis ou menos controlado, hoxe empezou mais personal do Plan Concellos e irá máis rápido. Uns viais que quedan pendentes en dúas semanas deberían estar todas as parroquias feitas.

10. A titularidade da PO-550 é da Xunta ou do Concello? ¿De que é a competencia do mantemento, das beirarrúas, o mobiliario? Chegounos que unha veciña do noso concello, que reclama os danos causados a súa persoa, tras unha caída, provocada polo mal estado no que se atopaba a beirarrúa o verán pasado, no 2019. A primeira resposta do Concello foi unicamente verbal, para remitila á Xunta, pero estes afirman que as beirarrúas son competencia municipal e que debería recibir unha resposta escrita por parte do Concello. Pode explicarnos este lío? Que pensan facer?

A interesada debería recibir unha resposta escrita por parte do Concello o antes posible, tendo en conta que isto empezou en agosto de 2019 e segue sen resolverse. Existe algún tipo de informe, respecto a todo isto? De existir gustaríanos saber si a interesada ten dereito a obter unha copia dos informes que hai e, no caso de ter dereito, pedímoslle que se lle faga chegar unha copia dos mesmos o antes posible.

11. Fai meses comezaron a restaurar a fonte de Lagarei en Simes, pero actualmente está sen acabar a súa reforma e sen limpar. Cando teñen pensado rematala?

Contesta o Sr. alcalde que se están reformando e limpando, fixéronse algunhas xa en Padrenda, próximamente faranse en Cobas e en Simes xa se fixeron algunhas; hai que ir por tramos, primeiro vamos a ir a limpeza de viais e despois a lavadoiros e fontes.

12. Vai haber campamento no verán? De habelo, que medidas se van a tomar para acoller as/aos nenas/os? Publicitouse? Qué medios?

Contesta o Sr. alcalde que, están a falar entre os alcaldes e non se ten nada claro. O que si saben que o formato de campamento que se viña facendo eses anos non vai a cuajar, Hai que sacar un formato máis limitdado enfocado a conciliación e estase en elo.

Remata a súa intervención o Sr. Radío Oubiña agradecéndolle ao grupo de goberno de que acollera a idea de grabar os plenos que o seu grupo trouxo aquí xa fai meses para buscar a maior transparencia e de que quede grabado o que aquí se dí pero tamén ten que decirlle desde a agrupación que a través de gestiona-comunica poderíase levar a cabo perfectamente este pleno telemáticamente, pero sabemos que hai persoas que aínda non teñen un dominio das novas tecnoloxías pero e o que nos queda por diante e temos que adaptarnos, porque esta situación de





Concello de Meaño

ter aquí os concelleiros sentados sen unha mesa para poder escribir é un pouco precario para ser o século XXI. Creo que hai que buscar outras maneiras e trouxemos hoxe aquí unha moción da fenda dixital e esperemos que esto non avance que nos próximos plenos teñamos unha solución que a todos nos poida convencer e xa que temos un convenio adherido a Gestiona comunica gustaríanos que se fixese efectivo.

* Sr. Ásperez Montes:

1. No período do estado de alarma, procedeuse por parte do Concello, de maneira acertada, a un reparto de mascarillas á veciñanza. Como se aseguraron que estas mascarillas chegaran a todos os veciños e veciñas e nun segundo reparto a todos os nenos e nenas do Concello? Quen ou quenes fixeron o reparto nas distintas parroquias? Empregouse o Censo?

Contesta o Sr, alcalde e Sra. Balboa Lores, que nun primeiro momento se fixo un reparto desde servizos sociais as persoas máis vulnerables que o solicitaban e posteriormente fíxose un reparto por lugares con entrega porta a porta para o que se partía do número de residentes en cada domicilio. Neste reparto participaron concelleiros/as e colaboradores/as. A súa vez publicouse esta información nas redes sociais, si algunha familia quedaba atrás que se puxeran en contacto co Concello como así sucedeu. Si non se atopan no domicilio deixábase nos buzóns e si algún quería mais chamaron o concello e deronselle posteriormente mais unidades.

2. Debido a algunha queixa recibida dalgún veciño sobre a consideración ou non de vial de titularidade municipal, e dado que como dixi no pleno anterior, existe un rexistro ou inventario de viais públicos de titularidade municipal actualizado, cando podemos consultalo?

Temos que formular algunha petición para consultalo.

Contesta o Sr. alcalde que poden ir a consultalo.

3. Tamén temos recibidas numerosas queixas pola falta de limpeza en numerosas pistas, lavadouis e fontes do concello, sobe todo as que non están en vías principais.

Contesta o Sr. alcalde esa cuestión xa foi comentada á teor dun rogo do Sr, Radío Oubiña.

4. Van a contestar dende o concello á alegación presentada polo noso grupo respecto da modificación do PXOM?

Contesta a Sra. secretaria-interventora o equipo redactor terá que estudar tódalas alegacións presentadas no período de exposición pública ao documento de aprobación inicial e os informes emitidos polos distintos organismos e as distintas Administracións nesta fase de consultas.

5. Cómo van a correr os prazos e o trámite desta modificación?

Contesta a Sra. secretaria que estes informes deberán ser emitidos no prazo de tres meses desde o traslado da documentación e cumpridos os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o seu resultado cos informes e poderase continuar o procedemento. Os prazos administrativos quedaron interrompidos desde a declaración do estado de alarma ata o 1 de xuño.

6. Foi trasladada polo Concello a aprobación por este Pleno da petición de actuación na estrada PO-303?





Concello de Meaño

Contesta a Sra. secretaria que si e foi tratado polos Plenos de Poio e Meis.

7. Respecto á contratación da elaboración da RPT, fixemos unha serie de preguntas para solventar algunhas dúbidas. Pode responder a ese escrito presentado? (sobre todo o referido á posible duplicidade deste contrato que xa foi executado fai uns anos)

Contesta a Sra. secretaria, en sísntesis, que en 2013 se contratou o servizo para a elaboración da relación de postos de traballo, servizo foi executado e aboado en 2015. A aplicación deste documento debe estar precedida dunha negociación e unha tramitación, que se atopa regulada na lexislación básica estatal e autonómica de aplicación, a decisión e impulso da tramitación é unha decisión política.

En canto a duplicidade, no 2018 resolveuse a contratación dunha nova relación de postos de traballo, que non só contemplara os postos previstos na anterior senón dera solución a consolidación e estabilización que viña a recoller o novo marco legal así coma as variacións retributivas que se empezaron a experimentar nas leis de orzamentos posteriores e acordos marcos acadados polo Goberno e sindicatos. Este contrato tiña unha duración dun ano non se executou e extinguese sin efectos económicos dado que non se chegou a executar a prestación.

8. No pleno pasado preguntamos polo resultado da medición nos distintos locais municipais dos niveis de Radón e cal fora o coste deste traballo de medición. Pode confirmar que son 1.518,55 €?. E reiteramos a pregunta para coñecer os resultados desa medición, pode facer a consulta dos mesmos.

Contesta o Sr. alcalde sinalando que o gas radón procede do solo pala desitegración do granito e estamos nunha zona granítica. Realizouse o estudo dos locais da Casa do Concello, da casa música e do local de ensaio no baixo do palco da música e resultaron valores por debaixo do límite regulamentario na casa da música, na Casa do Concello, agás o local do arquivo da planta baixo que no informe sinalase que un traballador non debe permanecer no mesmo mais de 40 días completos ao ano para non superar o límite regulamentario de exposición de media anual non obstante o acceso e a estancia neste espacio por parte dos traballadores é moi esporádica.

En canto ao local de ensaio, neste local superase o límite regulamentario e para solventalo estanse elaborando a correspondente memoria técnica. O custo deste traballo de medición foi 1.518,55 €

9. Fíxose algún adianto nas obras que tiña vostede prometidas de mellora na aula de ensaio e para solucionar con ventilación o problema do radón?

Si está visado recentemente o proxecto; para a elaboración viñeron a facer as medicións para facer a dimensión do caudal de extracción e proximamente licitarase.

10. Pode confirmarnos cal foi o coste total de facer os calendarios repartidos dende o grupo de goberno no ano 2020? (Debería usar eses cartos para darlle máis medios ás asociacións e non para a súa propaganda 1200 € do anuncio en TV e 3539,25 €, nos calendarios)

Pois debe ser 3000 máis IVA, 3539 pode ser. Pois esperemos que esos 3500 mais os que se destinaron a prensa se destinen directamente ás asociacións nos vindeiros anos.

Contesta o Sr. alcalde que foi unha boa iniciativa, hai uns recursos tanto a nivel cultural, deportivo, etc.. que se puxeron en valor coa súa imaxe.

10. En qué punto está o proxecto do Plan Concellos de mellora do vial de Abuín. Hai proxecto?





Concello de Meaño

Contesta o Sr. alcalde que estan acadando as sinaturas das cesión para acadar a dispoñibilidade dos terreos, pendentes neste intre dous propietarios, o que determina cerrar o proxecto que pendente de concluírse polas cesións pendentes.

11. Existe o proxecto técnico que autorizou a obra do transformador e que levamos demandando a súa consulta? Queremos consultar este proxecto, e de non se nos falicitara recurriríamos a vía necesaria para elo.

Contesta o Sr. alcalde que soliciten cita previa co arquitecto para consultalo e comentalo .

12. Ten constancia ou non da previsión de supresión definitiva do servizo de pediatría en Dena?

Contesta o Sr. alcalde que non, que os datos de que dispón e que sería con carácter puntual durante a duración da pandemia. Si o superimen definitivamente haberá que pelexar para que eso non suceda. En principio a atención estase facendo en Baltar e os de Meis en Cambados. A disposición de pediatras é un tema bastante serio, segundo explican desde a Consellería de Sanidade porque non dispoñen de facultativos para atender a demanda en tódolos centros, co cal non está fácil a nivel de Galicia.

13. Está implantada a obriga legal que debe cumprir o Concello da implantación do control horario dos traballadores/as? Cando se vai implantar? (pediremolo con urxencia) Contesta a Sra. secretaria sinalando que este tema non está olvidado senón que neste Concello é complexo establecelo en tódolos centros de traballo pola diversidade de centros xestionados directamente polo Concello e estaba o formato e o expediente avanzado mediante un sistema táctil pero agora no resulta viable pola transmisión do COVID

14. Quixeramos presentar unha moción, pero entendemos que non é necesario, xa que debe ser un compromiso acadado por todos os grupos políticos. Referímonos a dar un servizo ós veciños para a retirada de voluminosos a domicilio ou un lugar e data concertado. E unha demanda que vimos facendo en numerosos plenos e dado que se seguen a dar estes verquidos incontrolados, pedimos un compromiso neste pleno para dar de maneira inmediata este servizo e crear ademais unha ordenanza, si fose necesaria, de sancións para aqueles que reincidan nesta mala práctica. Hai que ter en conta que somos uns dos poucos concellos que aínda non prestamos este servizo.

Contesta o Sr. alcalde que ao respecto pode decir que a través do tractor grúa que temos, de xeito esporádico, cando hai algún tipo de residuos que se deixan en un lugar determinado, procedemos a súa recollida ou ben cos opararios co tractor ou coa furgoneta procedemos a súa recollida. A día de hoxe, o Concello de Meaño solicitou á Xunta de Galicia, unha subvención para adquirir un vehículo con grúa para a retirada de voluminosos.

15. Temos sin contestar varios escritos, un deles o escrito presentado en novembro respecto da comida “Xuntos por Meaño” no pavillón de Xil. Pensa respostalo?

16. Hai unhas facturas nas resolucións, entendo que está ben. En qué concepto se paga a Casa Rodiño SL, 660 € por comida de nadal no Pavillón de Xil? Foi unha comida de promovida polo Concello ou privada? Onde se recollen os ingresos que se obtiveron nesa celebración? Hai máis gastos que sean por conta do Concello en referencia a esa comida?

Contesta a Sra. secretaria sinalando que deben ter un erro e ese pago debe referirse á





Concello de Meaño

comida “Xuntos polo nadal” que se fai no Centro Social Polivalente na que participan usuarias/os do centro e persoas miors que viven soias e queiran participar.

17. O pago a Casa Rodiño S.L. de 3575 € pola cea da muller traballadora ten contrapartida no presuposto do Concello cos ingresos polas retiradas de invitacións que pagaron as asistentes a dita cea?

Contesta a Sra. secretaria sinalando si, engadindo que se estableceu o prezo publico pola realización de actividades, que abranguería esta.

18. Que concepto en concreto recolle o pago de dúas facturas que no desglose das resolucións veñen como pagos de SGAE e AGEDI a Casa Rodiño S.L.?

Contesta a Sra. secretaria que afectan as actuacións de grupos musicais e de teatro e antes do pago son comprobadas pola técnica de cultura. A da actuación a que fai referencia a Casa Rodiño, S.L. pode corresponderse a actuación musical que concerta o Concello con motivo da cea da muller traballadora ou a un erro.

19. Hai unha factura de 630 € por unha viaxe do Alcalde a Bruselas, a que se debía esta viaxe?

Contesta o Sr. alcalde que efectivamente. A finalidade da viaxe era asistir á cerimonia do Pacto dos alcaldes polo clima no se tratan temas de eficiencia enerxética e redución de emisións CO₂, o que se considera interesante porque as administracións nos vindeiros anos teñen que facer unha aposta pola redución das emisións de CO₂ e Meaño xa empezou apostando polo cambio do sistema de iluminación pública exterior.

20. A resolución do día 31/03/20, da execución da sentenza que obriga o Concello a readmisión da traballadora do Centro Social Polivalente, despedida o 30/04/2019, ven a darnos a razón na moción que presentamos no Pleno de abril do 2019, xa que quedou claro que os seus dereitos foron vulnerados, tal e como advertimos no seu momento que podería pasar.

Según esta sentenza, o Concello debe pagar á traballadora os salarios dende esa data de despido. Ademais de reincorporala de maneira inmediata. Xa está incorporada o seu posto de traballo?

Contesta Sra. secretaria-interventora, en síntese, que en primeira instancia o Xulgado do Social de Pontevedra doulle a razón ao Concello. Esta sentenza a que se refire a pregunta estase a cumprir con carácter provisional coa readmisión da traballadora nas mesmas condicións a data do fin da relación laboral e pendentes de aboamento os salarios de tramitación en tanto non se resolva o recurso de casación interposto polo Concello. A xurisprudencia laboral choca frontalmente co dereito administrativo e especialmente esta sentenza dado que creva todo proceso de estabilización e consolidación actualmente contemplados nas leis de orzamentos xerais do Estado 2007 e 2008 e aos que se acolleu este Concello. A máis, a este respecto o dereito administrativo, actualmente, só reconece a figura da declaración de indefinido non fixo por sentenza xudicial e os postos así declarados deben incluírse na correspondente oferta de emprego público ou amortizalos.

21. Tal e como fixemos referencia na correspondente comisión esta mañá, temos presentado un escrito en referencia o o contaxio que se dou nunha traballadora do SAF. Solicitamos nos sexa contestado o antes posible e en especial o referido a tratamento das baixas das traballadoras confinadas. Simplemente eso, non temos interese en nada mais simplemente como foron tratados estes temas que xa nos dixestes que podemos vir a





Concello de Meaño

semana que ven ou esta semana un día a consultar.

Contesta o Sr. alcalde que se remite ao contestado á pregunta do Sr. Radío Oubiña e que se lle fará chegar o solicitado.

22. A qué se refire o pago recollido nas resolución de 605 a revista APE Galicia?

Contesta o Sr. alcalde que si, trátase dunha revista de empresarios autónomos de Galicia que inclúe promoción dos Concellos que queren participar e consideramos que era bo para promocionar o Concello de Meaño.

23. E o referido a Fundiciones Galiport SL por importe de 1089 €?. Non sei si é fundiciones.

Contesta o Sr. alcalde que se fixeron fusiões de diferentes emblemas.

24. Nos terreos onde está proxectado o tanatorio, xa comezaron as obra ou son unhas catas previstas por patrimonio?

Contesta o Sr. alcalde que de momento non contan con licenza urbanística porque na tramitación houbo un cambio na lexislación ubanística que lle afecta a superficie mínima coa que debe contar unha instalación deste tipo, polo que serían as catas que autorizou patrimonio para as sondaxes.

25. Estes días pasados estanse a colocar sinais de tráfico en varios puntos do Concello. Quixera preguntarlle a secretaria si ao estar a Ordenanza Municipal de Tráfico derogada e polo tanto que non existe pode tomar o alcalde a decisión en materia de tráfico como por exemplo a colocación de sinais?.

Contesta a Sra. secretaria que no sabe haberá que velo.

26. No, nos vamos a pedir un informe a Secretaria para ver si é viable facelo sin ordenanza municipal, si é viable pois adiante, si hai un autobús mal aparcado, un camión mal aparcado, ten que ser sancionado. Porque hai unha lei de tráfico que foi cando falamos derogamos aquela ordenanza, de que en todo caso está a lei de tráfico para cumprir e agora tomamos decisión a nivel municipal. Entonces hai que, en todo caso, aprobar unha ordenanza de tráfico.

27. Comentando as sancións que se nos comunican nas resolucións, supoñemos que se trata dun erro, xa que aparece sancionado o vehículo da Policía Local. É un erro? Como puido chegar a tramitarse esa sanción?

Contesta o Sr. alcalde que se debe a un erro da tramitadora, e preguntado pola cuestión me dixeron que agora as multas van por tablet e foi para facer unha proba.

28. Que porcentaxe ou de que outra maneira se remunera o servizo que presta o ORAL para a tramitación de sancións de tráfico? Cómo, canto?

Contesta o Sr. alcalde que cobra o establecido na súa ordenanza fiscal e que é de aplicación a tódolos concellos usuarios deste servizo.

29. Tramitou algunha reclamación a empresa que danou o cruceiro do lugar de O Cruceiro en Cobas ou pensa tramitala para que se repoña o dano? Constanos que a empresa que fixo o dano se ofreceu a reparalo.

Contesta o Sr. alcalde que, segundo a información que ten, foron alí varias veces e nadie sabe nada ó respecto, parece ser que foi unha empresa que estaba por alí facendo uns traballos pero nadie sabe nada. A información é contradictoria entre a que ten vd. E a que teño eu.

30. Que servizos de conciliación ten previsto prestar durante o verán. Dende o noso punto de vista o concello debe facer un esforzó especial dirixido á conciliación familiar,





Concello de Meaño

evitando un cargo a aquelas familias cando os seus membros traballen fóra do fogar e as que dispoñen de menores recursos para facer fronte a esta crise.

Polo tanto habería que manter os servizos do centro Social Polivalente según a demanda dos usuarios, non deixando a ningún sin atención.

Reformular os campamentos de verán, de xeito que se poida prestar este servizo dentro das condicións sanitarias marcadas pola Xunta de Galicia, como así pasará polos organizados pola propia Xunta, pero nunca suspendelos. O concello debe facer un especial esforzo e contratar si fose necesario máis persoal para este servizo.

31. Cal será o protocolo a seguir polo concello na reapertura e uso dos parques?

32. Vaise abrir a piscina este verán?

Contesta o Sr. alcalde, en síntesis, que haberá que estar ao sinalado nas medidas de prevención ditadas pola Consellería de Sanidade para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 do Plan para a transición cara a nova normalidade e que foron publicadas o pasado sábado.

En relación co centro social polivalente está a desenvolverse a actividade de estimulación cognitiva a domicilio para os/as usuarios/as que acudían ao centro e solicitan.

Actividades de conciliación no verán remítose ao xa sinalado, haberá que adoptar un formato que se adapte as normas sinaladas.

Os parques estase precedendo a desinfección e colocación de dispensadores de hidroxelos e abriranse no próximos días.

A piscina non está previsto abrila dado que polas condicións que se esixe deben cumprir faino inviable.

Rematadas as intervencións e ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás vinte e dúas horas e vinte minutos, estendéndose a presenta acta que certifico, co visto e praxe do Sr. alcalde.

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

